



## MEMORIA CONTA XERAL DO ANO 2013

NORMATIVA REGULADORA .....	4
TRAMITACIÓN .....	5
1.-ORGANIZACIÓN .....	5
1.a) Poboación Oficial e outros datos de carácter socioeconómico. ....	6
1.b) Actividade Principal da Entidade.....	6
1.c) Entidade da que depende.....	6
1.d) Estrutura organizativa da entidade a nivel político e administrativo .....	6
1.e) Número medio de empregados no exercicio, tanto funcionarios o como persoal laboral.....	6
1.f) Entidades dependentes e actividade.....	8
1.g) Entidades públicas participadas e súa actividade.....	8
1.h) Fundacións nas que o suxeito contable forma parte do seu patronato .....	8
1.i) Principais fontes de financiamento da entidade e súa importancia relativa.....	8
2.- XESTIÓN INDIRECTA DOS SERVICIOS PÚBLICOS .....	8
3.-BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS .....	8
3.a) Principios Contables.....	8
3.a.1) Principios contables non aplicados por interferir no obxectivo da imaxe fiel .....	10
3.a.2) Principios contables aplicados distintos dos principios contables públicos.....	10
3.b) Comparación da información.....	10
3.b.1) Explicación das causas que impiden a comparación das contas anuais coas do exercicio precedente.....	10
3.b.2) Explicación da adaptación de contías do exercicio precedente. ....	10
3.c) Razóns e incidencia nas contas anuais dos cambios de criterio na contabilización. ....	10
4.- NORMAS DE VALORACIÓN .....	10
4.a) Inmovilizado inmaterial. ....	10
4.b) Inmovilizado Material.....	11
4.c) Investimentos financeiros.....	11
Prezo de adquisición. Non hai valores negociables.....	11
4.d) Existencias. ....	11



4.e) Provisión para riscos e gastos.....	11
4.f) Préstamos e demais endebedamentos.....	11
4.g) Provisión para insolvencias.....	11
Contas de inmovilizado .....	12
Balance .....	12
Conta de Resultado Económico-Patrimonial.....	12
5.-INVESTIMENTOS DESTINADOS Ó USO XERAL.....	13
6.-INMOVILIZACIÓNS INMATERIAIS.....	13
7.-INMOVILIZACIÓNS MATERIAIS.....	13
8.-INVESTIMENTOS XESTIONADAS.....	13
9.-PATRIMONIO PÚBLICO DO CHAN .....	13
10.INVERSIÓNS FINANCEIRAS.....	14
11. EXISTENCIAS .....	14
12. TESOURERÍA.....	14
12.a) Tesourería.....	14
Este estado informa das contas bancarias e a caixa ou caixas, poñendo de manifesto o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final.....	14
12.b) Conciliación.....	14
13 FONDOS PROPIOS.....	14
14 ENDEBEDAMENTO .....	14
15 RECURSOS OUTROS ENTES.....	15
16 OPERACIÓNS NON ORZAMENTARIAS DE TESOURERÍA .....	15
17 INGRESOS E GASTOS .....	15
17.a) Subvencións recibidas pendentes de xustificar .....	15
17.b) Subvencións concedidas .....	15
17.c) Outras circunstancias de carácter sustantivo.....	15
18. VALORES RECIBIDOS EN DEPÓSITO.....	15
19. CADRO DE FINANCIACIÓN.....	15
20. INFORMACIÓN ORZAMENTARIA.....	16
20.a) Exercicio Corrente .....	16
Remanentes de Crédito.....	16
Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento .....	17
Orzamento de Ingresos.....	17
Proceso de Xestión .....	17



Compromisos de Ingresos .....	18
Procedementos tramitados con institucións xurídico-financeiras excepcionais .....	18
20.b) Exercizos Pechados.....	18
20.c) Exercicios Posteriores .....	19
20.d) Gastos con financiamento afectado.....	19
20.e) Remanente de Tesoureiría.....	19
21. INDICADORES .....	19
22.- BALANCE DE COMPROBACIÓN. ....	25
23. ACONTECIMENTOS POSTERIORES AO PECHE.....	25

**CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES**

**CONCELLO  
DE VIGO**



**CONTA XERAL 2013**  
**INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES DE VIGO**  
**MEMORIA**

Ao Obxecto de dar cumprimento ao regulamentado nas Regras 100 a 104 da Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, se forma a Conta Xeral da Entidade Local correspondente ao ano 2012.

**NORMATIVA REGULADORA**

Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais: artigos 208-212 (Conta Xeral), artigos 191-193 (Liquidación de Orzamento)

Regulamento Orzamentario (RP), aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (BOE núm. 101, de 27 de abril de 1.990; corrección de erros en BOE núm. 136, de 7 de xuño de 1.990): artigos 89-105 (Liquidación de Orzamentos).

Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local (IMNCL). Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local, anexo á IMNCL, modelo normal.

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF).

**CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES**

**CONCELLO  
DE VIGO**



## **TRAMITACIÓN**

Os artigos 208, 209 e 212 do TRLRFL, aprobado polo RDL 2/2004, así como as Regras 102 e 103 da IMNCL, regulan os diferentes prazos da tramitación da Conta Xeral:

Rendición de estados e contas: En cumprimento do previsto no artigo 212.1 do TRLRFL, o Presidente da entidade rendirá a conta antes do 15 de maio do exercicio inmediato seguinte ao que corresponda. O apartado 2) do devandito procepto, establece que a Conta Xeral de cada exercicio someterase antes do 1 de xuño do exercicio inmediato seguinte a informe da Comisión Especial de Contas da entidade local.

A Conta Xeral e o informe da Comisión Especial de Contas exporase ao público por un prazo de 15 días durante os cales e 8 máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos e observacións. Examinados éstas pola Comisión Especial de Contas e practicadas pola mesma cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe.

Acompañada dos informes da Comisión Especial de Contas e das reclamacións e reparos formulados, a Conta Xeral someterase ao Pleno da Corporación para que, no seu caso, poida ser aprobada antes do día 1 de outubro.

Sometida a Conta Xeral aos trámites anteriores, remitirase a mesma ao Tribunal de Contas e ao Organo Fiscalizador Externo que corresponda antes do 15 de outubro, seguindo os procedementos telemáticos e formatos que normativa vixenta teña previsto en canto a transferencia de datos.

Os documentos que integran as contas anuais a conforman o Balance, a Conta do resultado Económico-Patrimonial, o Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria e demais estados complementarios.

Os documentos que integran as contas anuais: o Balance, a Conta do resultado económico-patrimonial, o Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria.

A ORDE EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, regula a estrutura e contido da memoria, os distintos documentos que a conforman así como, aqueles sobre os que resulte necesario un comentario ou explicación dos cambios que se produciran ao longo do exercicio económico.

A memoria que conforma a Conta Xeral ten como finalidade completar, ampliar e comentar a información contida no Balance, na Conta de resultado económico patrimonial e no Estado de Liquidación do Orzamento.

## **1.-ORGANIZACIÓN**

**CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES**

**CONCELLO  
DE VIGO**



**1.a) Poboación Oficial e outros datos de carácter socioeconómico.**

É a conformada polo ámbito territorial do municipio de Vigo, 296.479 habitantes, quedando afectada polos mesmos datos socioeconómicos que ten incorporada a memoria da Entidade local, polo que non se fai ampliación sobre o contido da prevista para a Entidade matriz.

**1.b) Actividade Principal da Entidade**

A actividade principal é a xestión das instalacións deportivas municipais (complexos, piscinas, pavillóns e ximnasios), a promoción deportiva e desenvolvemento da actividade física, así como a práctica deportiva da poboación da cidade de Vigo. As instalacións que xestiona non están adscritas, polo tanto, a encomenda é de xestión.

**1.c) Entidade da que depende**

O Organismo Autónomo Instituto Municipal dos Deportes, depende da Entidade Local Concello de Vigo

**1.d) Estrutura organizativa da entidade a nivel político e administrativo**

A estrutura organizativa no seu nivel político ou de goberno e a seguinte: A Xunta de Goberno Reitora e o Presidente de dita Xunta.

a) A Xunta Reitora está formada por dezasete vocais, dez políticos e sete veciñais, un representante da Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia e o Presidente da Xunta Rectora.

O Presidente do Organismo é o Alcalde que delega no Presidente da Xunta Rectora.

b) A estrutura organizativa no seu nivel Administrativo, está conformada por unha Dirección, unha oficina de Programación e unha oficina de Administración, ademais dos encargados de instalacións e de persoal, conserxes responsables de instalación, oficiais de instalación e mantemento, axudantes de mantemento, etc.

**1.e) Número medio de empregados no exercicio, tanto funcionarios o como persoal laboral**

O número medio de empregados no exercicio de 2013 foi de 72: 56 persoal laboral, 3 funcionarios, 2 contratos de revezamento por xubilacións parciais e 11 laborais indefinidos debido a sentenza, co seguinte detalle:



<b>FUNCIONARIOS</b>		<b>3</b>
XEFE DE ADMINISTRACIÓN		1
ADMINISTRATIVO		2
<b>CONTRATOS DE REVEZAMENTO</b>		<b>2</b>
OFICIAL DE INSTALACIÓN		2
<b>PERSOAL LABORAL</b>		<b>56</b>
DIRECTOR DEPORTIVO-XEFE UNID. TEC.DEP		1
DIRECTOR TECNICO		1
COORDENADOR DEPORTIVO		1
TÉCNICO DEPORTES		1
ADXUNTO COORDINADOR		1
ADMINISTRATIVO		3
XEFE MANTEMENTO INSTALACION		1
CONSERXE RESPONSABLE INSTALACION		3
OFICIAL DE MANTEMENTO		11
OFICIAL DE INSTALACIÓN		17
AUXILIAR ADMINISTRATIVO		2
AXUDANTE DE MANTEMENTO		14



PERSOAL LABORAL INDEFINIDO SENTENZA	11
AXUDANTE DE MANTEMENTO	11

### 1.f) Entidades dependentes e actividade

Non ten ningunha entidade dependente

### 1.g) Entidades públicas participadas e súa actividade

Non participa en ningunha entidade.

### 1.h) Fundacións nas que o suxeito contable forma parte do seu patronato

Non participa en ningunha fundación.

### 1.i) Principais fontes de financiamento da entidade e súa importancia relativa

As principais fontes de financiación son dúas: a subvención corrente e de capital do Concello de Vigo que representou 74,39 % dos ingresos, e os ingresos propios o 25,44 % do total.

## 2.- XESTIÓN INDIRECTA DOS SERVICIOS PÚBLICOS

Non se xestiona ningún servizo de forma indirecta, xa que o organismo autónomo e unha forma descentralizada da xestión municipal.

## 3.-BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS

### 3.a) Principios Contables.

As bases de presentación informan sobre os principios contables públicos aplicados, así como aqueles que por razóns xustificadas non se aplicasen, incidencia nas contas anuais que puidesen terse feito, e a explicación das causas que puidesen impedir a comparación homoxénea das contas e estados contables.

*Principio de entidade contable.* Constitúe entidade contable tanto a Entidade Local como os seus organismo autónomos. Cada un dos entes que a conforman son suxeitos contables, con independencia da consolidación de estados que se estableza. En relación co anterior, o Pleno da Corporación non aprobou o tipo de consolidación a presentar, no entanto, estase facendo e incorporando á Liquidación do Orzamento, por Grupo de programas de gastos, Política de gasto e Áreas de gasto. En canto á clasificación económica, desenvólvese a todos os niveis da natureza económica do gasto e ingreso. A consolidación non só abarca



**CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES**

**CONCELLO  
DE VIGO**



aos estados orzamentarios, tamén se consolida o Balance, a Conta de Resultado Económico-Patrimonial, o Remanente de Tesourería e o Resultado orzamentario.

*Principio de xestión continuada.* Non se alterou no transcurso de exercicio ningún principio, polo tanto non require xustificación algunha por manterse a uniformidade.

*Principio de importancia relativa.* Do mesmo xeito que no caso do principio de xestión continuada, tanto no rexistro como na aplicación dos feitos contables que se produciron ao longo do exercicio non se fixo uso deste principio, e naqueles casos nos que poidese existir algunha dúbida sobre a consideración dalgún pequeno gasto en canto a súa cualificación como de investimento ou de gasto corrente, acudiuse aos criterios de vida útil do citado ben, solicitando informe á unidade xestora correspondente da vida estimada do citado elemento en cuestión, sendo este o criterio de cualificación do mesmo.

*Principio de rexistro.* Todos os feitos contables rexistráronse na orde cronolóxica en que se produciron e tendo en conta a súa entrada no servizo de Contabilidade, non existindo baleiros nin saltos na información contable.

*Principio de prudencia.* Este é un dos principios aplicados con maior rigor: os ingresos contabilízanse cando realmente prodúcense, atendendo aos actos dos órganos competentes que os motivaron. Os gastos contabilízanse non só cando efectivamente prodúcense, senón cando existe risco previsible. Tendo en conta o anterior, dotáronse as amortizacións seguindo os criterios dos últimos anos e rexistráronse todos os soportes documentais que tiveron a súa entrada no rexistro de contabilidade ata o 31 de decembro que tiñan incidencia nos estados e contas anuais. En consecuencia co anterior, os estados e contas anuais recollen absolutamente todos os feitos contables coñecidos que aconteceron no exercicio, representando os citados estados a imaxe fidel da situación económico-patrimonial e financeira do Organismo.

*Principio de devengo.* A imputación temporal de ingresos e gastos faise en función da corrente de bens e servizos que os mesmos representan, non no momento en que se produce a corrente monetaria.

*Principio de imputación da transacción.* Os gastos e ingresos orzamentarios impútanse de acordo coa súa natureza económica, e no caso dos gastos, ademais, de acordo coa finalidade que con eles se pretende conseguir. As obrigas orzamentarias derivadas de adquisicións, obras, servizos, prestacións ou gastos en xeral, impútanse ao orzamento do exercicio, coas salvidades establecidas no TRLRFL e Bases de Execución do Orzamento.

*Principio de prezo de adquisición.* Esta é a norma xeral, nos casos de obras realizadas pola administración, o prezo do ben o conforma o custo de execución.

*Principio de correlación de ingresos e gastos.* O sistema contable pon de manifesto esta correlación. O resultado económico-patrimonial o constitúe a diferenza entre os ingresos e os gastos económicos, é dicir, os de carácter orzamentario e non orzamentario, o resultado representa o aforro bruto positivo ou negativo.



*Principio de non compensación.* Naqueles supostos nos que a Entidade se econtrou con supostos de compensación entre ingresos e gastos, rexistrou dúas operacións: unha con cargo ao orzamento de gastos e outra no estado de ingresos, dando lugar en cada caso a un pago e ingreso virtual (formalización), sendo éste, xuntamente co principio de prudencia, o de devengo e o do prezo de adquisición, o que máis se vixía o seu cumprimento.

*Principio de desafectación.* Con carácter xeral os ingresos non teñen carácter de afectados, é dicir, os ingresos de carácter orzamentario destínanse a financiar a totalidade dos gastos de devandita natureza. Naqueles supostos que os ingresos tivesen a consideración de afectados, realízase un control separado dos mesmos o través dos proxectos de gastos e ingresos, analizando en cada caso a desviación de financiamento se a houberse aos efectos do cálculo do ResultadoOrzamentario e do Remanente de Tesourería. No Organismo non houbo ingreso afectado algún.

### **3.a.1) Principios contables non aplicados por interferir no obxectivo da imaxe fiel**

Aplicáronse todos os principios contables

### **3.a.2) Principios contables aplicados distintos dos principios contables públicos**

Ningún.

### **3.b) Comparación da información**

#### **3.b.1) Explicación das causas que impiden a comparación das contas anuais coas do exercicio precedente**

A información é comparable, non hai cambios en relación co ano precedente.

#### **3.b.2) Explicación da adaptación de contías do exercicio precedente.**

Non existe adaptación algunha en relación co exercicio precedente.

### **3.c) Razóns e incidencia nas contas anuais dos cambios de criterio na contabilización.**

Non houbo cambios de criterio nos criterios de contabilización, polo tanto, non houbo incidencia nas contas anuais.

## **4.- NORMAS DE VALORACIÓN**

Teñen como finalidade indicar os criterios tidos en conta no rexistro dos feitos contables, referidos ao inmovilizado, amortizacións, previsións, investimentos financeiros, dereitos e obrigas tanto Orzamentarias como non orzamentarias.

### **4.a) Inmovilizado inmaterial.**

Non existe pendente de amortización. En todo caso, o criterio de valoración é o de custo de adquisición ou de produción.

**CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES**

**CONCELLO  
DE VIGO**



#### **4.b) Inmobilizado Material.**

O criterio aplicado é o de custo de adquisición ou de produción, incluíndo no seu custo aqueles gastos que deben ser activados como é o caso da redacción do proxecto, dirección de obra, estudos e gastos de explanación, derribo se fose o caso e demais gastos até a conclusión da obra ou proxecto concreto. Non se activan os gastos financeiros que se devenguen ata a finalización da obra ou posta en funcionamento do proxecto ou elemento no caso de que o investimento estea financiado con recursos obtidos no mercado de capitais.

#### **4.c) Investimentos financeiros.**

Prezo de adquisición. Non hai valores negociables.

#### **4.d) Existencias.**

Non hai existencias ao final do exercicio

*Dereitos a cobrar orzamentarios e obrigas Orzamentarias.* Os dereitos valóranse polo importe determinado no acto de liquidación que os xere, tanto os que procedan de ingresos sen contraprestación directa como os que sexan consecuencia de contraprestación de servizos, aproveitamento do dominio público ou realización de actividades. Os que proceden da venda de bens, rexístranse polo prezo acordado. As obrigas orzamentarias figuran polo importe a satisfacer.

*Compras e outros gastos.* A valoración de bens susceptibles de almacenamento e demais gastos, valóranse polo prezo de adquisición máis os transportes, é dicir, o prezo pagado ao subministrador dos mesmos. Ademais dos anteriores, naqueles casos, nos que o Imposto Sobre o Valor Engadido é un gasto soportado non deducible, o imposto compútase como un gasto, formando parte do prezo de adquisición do ben.

*Vendas e outros ingresos.* Valóranse polo importe dos dereitos de cobro xurdidos como consecuencia do acto de liquidación correspondente. As transferencias e subvencións, tanto correntes como de capital, valóranse pola cantidade concedida ou convenio suscrito.

#### **4.e) Provisión para riscos e gastos.**

Non se dotan habitualmente

#### **4.f) Préstamos e demais endebedamentos.**

Non existen préstamos nin outro endebedamento

#### **4.g) Provisión para insolvencias.**

Non hai dotación, xa que non hai dereitos pendentes de cobro que teñan a cualificación para esa dotación.

En síntese, seguense as normas de valoración que se establecen na Quinta parte do Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local.

**CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES**

**CONCELLO  
DE VIGO**



### **Contas de inmovilizado**

As contas do inmovilizado, reflicten a situación dada polo Balance a 31 de decembro de 2013. As variacións que se produciron no transcurso do exercicio veñen reflectidas no Balance pola diferenza entre os saldos ao peche do ano 2012 e 2013. O cadro de financiamento tamén representa un estado axeitado para a análise do Balance mostrando as variacións en canto a orixes e aplicacións así como as variacións do circulante. En calquera caso, na maioría das masas patrimoniais, procederase a unha análise máis de detalle naqueles casos nas que as variacións sexan resaltables.

Ao non estar previsto no Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local (PGCPAL), a conta de inmovilizado en curso, os rexistros contables derivados da execución orzamentaria que teña efectos no inmovilizado, teñen o seu reflexo contable na conta correspondente do PGCPAL, con independencia de que a obriga que se estea recoñecendo correspóndase cun ben ou obra terminada ou trátase dunha fracción da mesma.

No relativo ás amortizacións do inmovilizado, tomouse como base de cálculo os saldos que figuran no Balance a 31 de decembro do exercicio anterior. A imputación sobre saldos do exercicio anterior se fundamenta nas seguintes vantaxes: a) o calcular as cotas sobre períodos enteiros, evítase a análise das adquisicións que se efectuaron no período, así como o número de meses que transcorren dende a súa adquisición até o peche do exercicio, b), permite, na maioría dos casos, que a amortización se realice sobre bens xa terminados e non sobre inmovilizados en curso. O método aplicado é unha continuidade do criterio establecido no ano 1992, polo tanto, cumpre co principio de xestión continuada e de uniformidade.

É importante resaltar, que dentro do Inmovilizado, non figura aquel que debería estar adscrito ao Organismo Autónomo Administrativo, como patrimonio entregado en adscrición no Balance da Entidade Local e como patrimonio recibido en adscrición no Balance do Organismo Autónomo, polo tanto, a amortización dos bens inmoebles, están a cargo da entidade matriz

### **Balance**

O balance está conformado polos bens, dereitos e tesourería, que constitúen o activo da entidade, mentres que os fondos propios e as obrigas, forman o pasivo da mesma.

No inmovilizado, hai aumento de inmovilizacións materiais, na conta 229” Outro Inmovilizado Material”correspondente ao investimento que se executou no capítulo VI do estado de gastos. No relativo ás amortizacións, xa se comentou o procedemento seguido

O saldo debedor e acreedor descendén respecto do ano anterior.

### **Conta de Resultado Económico-Patrimonial**

Este estado ven a substituír o Estado de perdas e ganancias previsto no Plan de contabilidade pública do ano 1990, resumido nun só documento os resultados de explotación, os resultados extraordinarios, o resultado da carteira de valores e o resultado das variacións de dereitos e obligas de exercicios pechados.

**CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES**

**CONCELLO  
DE VIGO**



A Conta de Resultado Económico-Patrimonial recolle a diferenza que se produce entre vendas e ingresos de xestión común, os aumentos de existencias, outros ingresos comúns, as transferencias e subvencións e ganancias e ingresos extraordinarios e os gastos de funcionamento dos servizos e prestacións sociais, gastos financeiros, redución de existencias, transferencias e subvencións e pérdas e gastos extraordinarios.

O resultado final, foi un aforro de 71.468,37 euros, fronte ao aforro de 186.900,90 euros do ano anterior sendo a xustificación deste resultado:

Menores ingresos nos prezos públicos por prestacións de servizos, un 9,67 % (208.066,90 euros) menos co no ano 2012, e aumento da subvención corrente do Concello, un 8,41 % (440.890,88 euros), diminuindo un 7,63 % (4.183,85 euros) a de Capital.

Aumento nos gastos de xestión nun 4,17 % (303.536,54 euros) debido o aumento nos gastos de persoal dun 18,19 % (381.533,30 euros) mantendose a transferencia corrente do IMD ó Concello.

#### **5.-INVESTIMENTOS DESTINADOS Ó USO XERAL**

Non existen modificacións respecto do exercizo 2012, non hai rexistro algún neste estado.

#### **6.-INMOVILIZACIÓNS INMATERIAIS**

O Organismo Autónomo non ten inmovilizacións inmateriais

#### **7.-INMOVILIZACIÓNS MATERIAIS**

O Instituto Municipal dos Deportes ten un aumento debido á conta 229 “Outro Inmovilizado Material” de Outro Inmovilizado procedente dos investimentos executados no ano.

#### **8.-INVESTIMENTOS XESTIONADAS**

O Instituto Municipal dos Deportes non ten investimentos xestionadas

#### **9.-PATRIMONIO PÚBLICO DO CHAN**

O Organismo Autónomo non ten bens patrimoniais clasificados deste xeito



## **10. INVERSIÓNS FINANCEIRAS**

O Instituto Municipal dos Deportes non ten investimentos en accións con o sin cotización oficial e outros valores.

## **11. EXISTENCIAS**

Non se leva contablemente un control de existencias, os aprovisionamentos fanse por anos, en consecuencia, a variabilidade das mesmas é escasa o de nula contía e o valor final do exercicio non ten impacto sobre o resultado económico-patrimonial, ni sobre os demais estados e contas anuais, estando representada esta masa patrimonial por algun material de oficina, que como xa foi dito, por su importancia relativa non se incorpora como existencias finais.

## **12. TESOUREIRÍA**

### **12.a) Tesourería.**

Este estado informa das contas bancarias e a caixa ou caixas, poñendo de manifesto o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final.

O Organismo Autónomo ten seis contas bancarias operativas pertencentes a mesma entidade Nova Galicia Banco, unha caixa operativa e outra restrinxida de pagos a xustificar. É importante resaltar, que o saldo das contas bancarias e caixa operativa que corresponden en sua totalidade a liquidez pura non sería suficiente para facer fronte á totalidade do saldo de acreedores. O saldo da tesourería pasou de 767.099,97 euros ao inicio do ano a 595.545,44 euros ao final do mesmo.

### **12.b) Conciliación**

Non hai ningunha conciliación, por haber unha coincidencia entre os saldos das entidades financeiras e os saldos que conforman os rexistros contables do Organismo Autónomo

## **13 FONDOS PROPIOS**

Este estado recolle as variacións producidas nas contas de Patrimonio e Reservas. As variacións máis importantes explícanse polo resultado económico-patrimonial que representa no Balance o resultado do exercicio por un importe de 71.468,37 euros. Prodúcese unha diminución na conta 129, resultado do exercicio do ano 2012 (186.900,9) euros, que se traspasa a 120, resultado de exercicio de anos anteriores. Ase mesmo, hai un incremento na conta 129 polo resultado do exercicio do ano 2013, que é o que amosa a conta de resultado económico-patrimonial e o balance.

## **14 ENDEBEDAMENTO**

Non hai saldos nin movementos a comentar no subgrupo 17 e 52, xa que non existe endebedamento nin a longo nin a curto prazo.

**CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES**

**CONCELLO  
DE VIGO**



## **15 RECURSOS OUTROS ENTES**

Non existen operacións a rexistrar neste Estado.

## **16 OPERACIÓNS NON ORZAMENTARIAS DE TESOURERÍA**

Este Estado recolle a información relativa aos debedores e acredores non orzamentarios, partidas pendentes de aplicación de pagamentos e cobros, pondo de manifesto a situación ao inicio de exercicio, as modificacións cargos e abonos e saldo pendente ao peche de exercicio.

En canto aos debedores, partidas pendentes de aplicación de gastos e ingresos, non hai saldo nin movementos. O estado de acredores non orzamentarios, ten ao inicio do ano un saldo de 102.568,54 euros e 126.268,48 euros ao final, sendo os saldos representativos os de Facenda pola retención do IRPF e da Seguridade Social, en ambos casos, polas retencións do mes de decembro.

## **17 INGRESOS E GASTOS**

### **17.a) Subvencións recibidas pendentes de xustificar**

No hai ningunha

### **17.b) Subvencións concedidas**

Tan só hai a transferencia que se fai a entidade matriz polos custos que esta afrontar ésta polo persoal adscrito ao Organismo.

### **17.c) Outras circunstancias de carácter sustantivo**

Ningunha

## **18. VALORES RECIBIDOS EN DEPÓSITO**

Os valores recibidos en depósito mantéñense en cifras similares as dos anos anteriores.

## **19. CADRO DE FINANCIACIÓN**

Este estado ven substituír ao Estado de Orixe e Aplicación de Fondos no Plan de Contabilidade Pública do ano 1990, recollendo os fondos obtidos e aplicados, tanto polas operacións de gastos e ingresos como as derivadas de adquisicións ou altas de inmovilizado.

Constitúen as aplicacións, os incrementos que se producen en contas de Activo Fixo, é dicir, incrementos do debe deducidos os saldos iniciais, e minoracións de Pasivo Fixo. Os fondos obtidos son consecuencia das baixas nas contas de Activo Fixo, é dicir, saldos do haber e os incrementos en contas de Pasivo Fixo,



é dicir, sumas do haber deducidos os saldos iniciais. Conforman igualmente o cadro de financiamento, os resultados da xestión, sendo os fondos aplicados os correspondentes a gastos de servizos exteriores, persoal, transferencias, gastos financeiros, perdas ou gastos correntes, dotacións e provisións. Os fondos obtidos son consecuencia dos ingresos tributarios, transferencias e subvencións recibidas, provisións aplicadas a súa finalidade, ingresos financeiros e outros ingresos.

En canto ás variacións no capital circulante, os aumentos teñen a súa orixe, nos incrementos nas contas do activo circulante e as diminucións nas contas do pasivo circulante, e as diminucións son consecuencia, das baixas nas contas do activo circulante e os incrementos no pasivo circulante.

Amósase unha variación entre o circulante e o fixo, houbo un incremento nos fondos aplicados do circulante que foron financiados mediante un exceso nos orixes.

Na análise da variación do capital circulante, merece especial consideración os aumentos do circulante que veñen determinados polas seguintes causas: Disminución no saldo de tesourería por unha contía de 165.956,31 euros. Hai unha diminución no saldo de acredores non orzamentarios por unha contía de 23.699,94 euros. Un aumento de acredores orzamentarios por unha contía de 378.220,42 euros, e unha diminución dos debedores orzamentarios en 102.539,21 euros.

O resultado é, un aumento do capital circulante por unha contía de 83.639,26 euros.

Nos fondos aplicados, as variacións salientables veñen dadas pola diminución nas aplicacións ao inmovilizado. Apreciase igualmente, no proceso de xestión, un maior importe nas operacións de recursos que nos empregos, o cal xera un exceso de fondos obtidos de 132.970,02 euros

O resultado é un exceso de orixes sobre as aplicacións en 83.639,26 euros.

## **20. INFORMACIÓN ORZAMENTARIA**

### **20.a) Exercicio Corrente**

#### **Orzamento de Gastos**

##### **Modificacións de Crédito**

Este Estado recolle de forma separada as modificacións orzamentarias, o detalle dos distintos tipos de modificacións, as aplicacións afectadas polas mesmas así como os importes en cada caso. Neste exercicio se tramitou unha modificación orzamentaria por transferencia de crédito 01/2013 por importe de 240.000,00 euros

##### **Remanentes de Crédito**

Os remanentes de crédito nos casos en que sexa posible, serán obxecto da tramitación dun expediente de modificación orzamentaria, no que se incorporarán, salvo renuncia expresa, todos aqueles gastos asociados a proxectos que teñan financiamento afectado, así como aqueles outros, que con independencia do seu financiamento, estean comprometidos, sempre e cando non fosen incorporados xa no ano precedente e non teñan financiación afectada.





O saldo dos remanentes de crédito que xorden da liquidación do orzamento que non teñen financiamento afectado, non serán incorporados ao orzamento do ano 2014 por distintas causas: en primeiro lugar, por non cumprirse a condición de estar comprometidos e por non estar nalguna das excepcións previstas no artigo 182 do TRLRFL, en segundo lugar, por non dar cumprimento a regra de gasto

O importe total de créditos comprometidos e non comprometidos ascende a 437.859,20 euros.

### **Execución do estado de Gastos**

Os valores que amosan os estados liquidatorios, teñen incorporados as porcentaxes de execución. No estado de gastos, as obrigas recoñecidas, os pagamentos e as obrigas pendentes de pagamento ao peche. No estado de ingresos, os recoñecementos de dereitos, a recadación neta e os ingresos pendentes de cobro ou de aplicación. Neste último caso, non se aplicaron á tesourería os dereitos recoñecidos que financiarán a incorporación de remanentes.

### **Estado de gastos**

Na análise dos estados de execución, pódese dicir, que a execución foi alta, xa que chegou a recoñecemento de obrigas o 94,57 por 100 dos créditos definitivos, fronte ao 92,26 por 100 do ano 2012, e delas, foron pagadas, un 92,09 por 100 fronte a un 86,56 por 100 no 2012. O capítulo I, tivo unha execución do 95,86 por 100, fronte ao 89,40 por 100 do ano 2012, porcentaxe alto se se ten en conta que hai vacantes sen cubrir. En canto ao capítulo II, a súa execución estivo nun 94,30 por 100, aínda a costa de reducir os contratos de prestación de servizos auxiliares. Existe un aumento nos gastos de persoal dun 18,19 % ,381.533,30 euros, debido a incorporación de persoal laboral indefinido segundo sentenza .

### **Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento**

Este Estado recolle os saldos da conta 413 polo gasto executado non aplicado ao orzamento. Non existe saldo algún nesta situación.

### **Orzamento de Ingresos**

#### **Proceso de Xestión**

#### **Estado de ingresos**

Os niveis de execución son aproximados aos do orzamento de gastos, aínda que estes tiveron unha maior porcentaxe, acadouse unha execución dos dereitos recoñecidos en relación coas previsións definitivas do 92,28 por 100 fronte ao 94,47 por 100 do ano 2012, recadouose un 99,27 por 100 dos dereitos recoñecidos fronte ao 97,21 por 100 do ano 2012. No indicador, non se está a tomar en consideración o financiamento con remanentes.

Das previsións feitas de ingresos propios do Organismo previstos no capítulo III do estado de ingresos, recoñecéronse dereitos por un 76,05 por 100 sobre as previsións definitivas, fronte ao 85,08 por 100 do ano 2012. A recadación deste capítulo tamén tivo unha porcentaxe alta, representou un 98,04 por 100 sobre os dereitos recoñecidos, fronte a 95,84 por 100 do ano 2012.



No entanto, a desviación entre as previsións feitas no capítulo III e os dereitos liquidados, en termos absolutos ascenden a 613.095,75 euros.

Ademais, si houbo un gran equilibrio entre os ingresos e gastos, os dereitos recoñecidos superaron as obrigas, en unha contía de 83.639,26 euros

Nos ingresos, aumenta a subvención corrente do Concello un 8,41 % (440.890,88 euros) para cubrir o incremento de gastos e unha diminución nos prezos públicos un un 9,67 % (208.066,90 euros).

Este Estado recolle a información sobre os dereitos anulados, cancelados e a recadación neta. Existen dereitos anulados por importe de 2.858,99 euros e non existen dereitos cancelados. O importe da recadación neta é 7.651.111,68 e a súa análise figura no informe da Liquidación do Orzamento.

### **Devolucións de Ingresos**

O importe das Devolucións de Ingresos son 2.858,99 euros.

### **Compromisos de Ingresos**

Non existen rexistros neste módulo.

### **Procedementos tramitados con institucións xurídico-financeiras excepcionais**

#### **Indemnizacións substitutivas**

Os acordos adoptados no ano 2013 por indemnizacións substitutivas por obrigas nadas dentro do orzamento (existencia de crédito axeitado e suficiente), calificadas como validación de actuacións, foron por unha contía de 40.106,11 euros, tramitados en 1 expediente. O gasto correspondese co suministro de enxía útil.

## **20.b) Exercizos Pechados**

### **Obrigas de orzamentos pechados**

Este Estado recolle a información sobre as obrigas de orzamentos pechados con detalle por anos e aplicacións indicando o saldo inicial, as modificacións, os pagamentos e as obrigas pendentes ao peche de exercicio.

Neste exercicio, houbo movementos por importe de 980.934,01 euros, a totalidade proceden do exercicio do 2012, e o saldo final de obrigas pendentes de pagamento ao peche de exercizo é 0 euros.

### **Dereitos a cobrar de presupostos pechados**



O Estado de referencia consta de dúas partes, e recolle a información sobre os dereitos de orzamentos pechados con detalle, por anos e concepto de saldo inicial, modificacións, anulacións, recadación e pendente ao final do ano. Non existen neste exercicio nin dereitos anulados nin dereitos cancelados. No ano 2013, recadaronse 158.822,37 euros do exercicios pechados que representa un 65,58 por 100 do saldo ao principio de ano.

#### **Variación de resultados presupostarios de exercizos anteriores**

Non hai feito algun no exercizo

#### **20.c) Exercicios Posteriores**

Non existe gasto que supoña un compromiso futuro polo que o Estado non recolle ningún movemento

#### **20.d) Gastos con financiamento afectado**

Non existen gastos con financiamento afectado

#### **20.e) Remanente de Tesourería**

O Remanente de Tesourería total, calculado de acordo ao previsto nas Regras 81 a 87 da IMNCL, ten un resultado positivo de 6.510,64 euros, fronte a contía negativa de (77.128,62 euros) do ano 2012. O orzamento do ano 2014, terá que ser aprobado cun superávit inicial de 77.128,62 euros para facer fronte ao Remanente negativo do ano 2012

Existen saldos pendentes de cobro de exercicios pechados por unha contía de 83.364,11 euros, dos que 2.504,06 euros corresponden a anticipos pendentes de reintegro, o resto, e de actividades deportivas, que haberá que revisar no ano 2014, coa finalidade de analizar a súa cobrabilidade.

Tendo en conta a contía dos saldos pendentes de cobro de pechados, non se fixo dotación algunha para dubidoso cobro.

### **21. INDICADORES**

Constitúen unha ferramenta para que o xestor público poida tomar decisións e para o control do que está sucedendo. Os indicadores non son un obxectivo en si mesmo, son instrumentos para avaliar e comparar a xestión.

A IMNCL establece distintos tipos de indicadores: Financeiros e Patrimoniais, Orzamentarios de Orzamento Corrente e de Pechados, así como os de xestión.

Para facer unha análise de detalle, vaise amosar os estados de execución de gastos e ingresos comparados, así como outros indicadores.

O período medio de pagamento, no cumpriu co regulamentado na Lei 15/2010 e co previsto no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta advertencia, vense facendo nos informes emitidos pola Intervención nos procedementos de pagamento. Deberase ter en conta que o límite no ano 2013, está fixado en 30 días, polo tanto, tendo en conta que os atrasos nos pagamentos non son unha consecuencia da liquidez, é polo que hai que axilizar os



procedementos de tramitación, asinación dos documentos cobratorios e ordes de pagamento, quedano fixado o prazo para a conformidade da prestación en 5 días a partires da recepción do documento.

A principal magnitude, Remanente de Tesourería, presenta un saldo positivo, fronte os saldos negativos dos anos 2011 e 2012 , no entando, hai que seguir pola senda de mellora nos ingresos en relación coas previsións feitas. O resto das magnitudes, presentan un saldo positivo, polo que o ano 2014, seguirase cun control estricto sobre a evolución dos estados orzamentarios.

A liquidez, é capaz de facer fronte a todas obrigas, tanto orzamentarias como non orzamentaris no 82 por 100 do seu importe.

Magnitude	Contía ou signo
Remanente de Tesourería para gastos xerais	6.510,64
Resultado orzamentario axustado	83.639,26
Aforro Neto axustado	82.339,14
Estabilidade orzamentaria, capacidade de financiamento	189.453,26
Regra de Gasto, comparada en termos da guía, 1ª edición do MINHAP	cumpre
Tesourería	595.545,44
Obrigas orzamentarias pendentes de pagamento ao peche	602.713,59
Dereitos pendentes de cobro ao peche (execucios pechados 83.364,11)	139.947,27

### Indicadores Orzamentarios

Medida	Valor
Liquidez (tesourería/ acreedores orzamentarios e non orzamentarios)	81,70%
Execución do estado de gastos (obrigas R. netas s/Créditos definitivo)	94,57%
Realización de pagamentos (Pagamentos netos/ obrigas R. netas)	92,09%
Periodo medio de pagamento ( Obrigas pendentes pagamento/ obrigas R. netas)x 365 días	28,86 días
Execución do estado de ingresos (dereitos R. netos/previsións definitivas, incluíndo financiamento remanentes)	92,28%
Realización de cobros (Recadación neta/dereitos R. netos)	99,27%



Realización de pagos de ejercicios pechados (pagamentos realizados/Saldo inicial + modificacións)	100,00%
Realización de recadación de pechados (cobros realizados/Saldo inicial + modificacións)	65,58%
Grado de dependencia (DR netos IV, VII /Gasto total)	75,20%
Grado de cobertura (Dereitos R. Netos Corrientes/Obrigas R. Netas corrientes)	100,43%
Autonomía (I,II,III,V,VI e VIII/DRNT)	25,62%
Autonomía fiscal (I,II,III/DRNT)	25,27%

**C) INDICADORES DE GESTIÓN**

**34201 Servizo de Escolas Deportivas**

COSTE POR HABITANTE =	$\frac{377.914,06}{297.355} = 1,27$	Coste del servicio / Núm. Habitantes
NIVEL DE AUTOFINANCIACIÓN =	$\frac{187.979,29}{377.914,06} = 0,50$	Rendimiento del servicio / Coste del servicio
COSTE UNITARIO =	$\frac{377.914,06}{236.800,00} = 1,60$	Coste del servicio / Núm. Prestaciones realizadas
EFICACIA PRESUPUESTARIA =	$\frac{377.914,06}{0,00} = 0,00$	Coste del servicio / Coste estimado del servicio
EMPLEADOS POR HABITANTE =	$\frac{57,00}{297.355} = 0,00$	Núm. Empleados del servicio / Núm. Habitantes
EFICACIA OPERATIVA =	$\frac{236.800,00}{0,00} = 0,00$	Núm. Prestaciones realizadas / Núm. Prestaciones previstas
ACTUACIONES POR HABITANTE =	$\frac{236.800,00}{297.355} = 0,80$	Núm. Prestaciones realizadas / Núm. Habitantes



**34202 Servizos de Xinasios**

COSTE POR HABITANTE =	$\frac{696.930,47}{297.355} = 2,34$	Coste del servicio / Núm. Habitantes
NIVEL DE AUTOFINANCIACIÓN =	$\frac{195.541,94}{696.930,47} = 0,28$	Rendimiento del servicio / Coste del servicio
COSTE UNITARIO =	$\frac{696.930,47}{220.834,00} = 3,16$	Coste del servicio / Núm. Prestaciones realizadas
EFICACIA PRESUPUESTARIA =	$\frac{696.930,47}{0,00} = 0,00$	Coste del servicio / Coste estimado del servicio
EMPLEADOS POR HABITANTE =	$\frac{29,00}{297.355} = 0,00$	Núm. Empleados del servicio / Núm. Habitantes
EFICACIA OPERATIVA =	$\frac{220.834,00}{0,00} = 0,00$	Núm. Prestaciones realizadas / Núm. Prestaciones previstas
ACTUACIONES POR HABITANTE =	$\frac{220.834,00}{297.355} = 0,74$	Núm. Prestaciones realizadas / Núm. Habitantes



**34203 Outras Instalacións**

COSTE POR HABITANTE =	$\frac{2.978.592,03}{297.355}$	= 10,02	Coste del servicio / Núm. Habitantes
NIVEL DE AUTOFINANCIACIÓN =	$\frac{406.661,04}{2.978.592,03}$	= 0,14	Rendimiento del servicio / Coste del servicio
COSTE UNITARIO =	$\frac{2.978.592,03}{458.109,00}$	= 6,50	Coste del servicio / Núm. Prestaciones realizadas
EFICACIA PRESUPUESTARIA =	$\frac{2.978.592,03}{0,00}$	= 0,00	Coste del servicio / Coste estimado del servicio
EMPLEADOS POR HABITANTE =	$\frac{30,00}{297.355}$	= 0,00	Núm. Empleados del servicio / Núm. Habitantes
EFICACIA OPERATIVA =	$\frac{458.109,00}{0,00}$	= 0,00	Núm. Prestaciones realizadas / Núm. Prestaciones previstas
ACTUACIONES POR HABITANTE =	$\frac{458.109,00}{297.355}$	= 1,54	Núm. Prestaciones realizadas / Núm. Habitantes



**34204 Servizo de Piscinas**

COSTE POR HABITANTE =	$\frac{3.699.928,91}{297.355} = 12,44$	Coste del servicio / Núm. Habitantes
NIVEL DE AUTOFINANCIACIÓN =	$\frac{1.395.370,70}{3.699.928,91} = 0,38$	Rendimiento del servicio / Coste del servicio
COSTE UNITARIO =	$\frac{3.699.928,91}{922.242,00} = 4,01$	Coste del servicio / Núm. Prestaciones realizadas
EFICACIA PRESUPUESTARIA =	$\frac{3.699.928,91}{0,00} = 0,00$	Coste del servicio / Coste estimado del servicio
EMPLEADOS POR HABITANTE =	$\frac{88,00}{297.355} = 0,00$	Núm. Empleados del servicio / Núm. Habitantes
EFICACIA OPERATIVA =	$\frac{922.242,00}{0,00} = 0,00$	Núm. Prestaciones realizadas / Núm. Prestaciones previstas
ACTUACIONES POR HABITANTE =	$\frac{922.242,00}{297.355} = 3,10$	Núm. Prestaciones realizadas / Núm. Habitantes



**CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES**

**CONCELLO  
DE VIGO**



## **22.- BALANCE DE COMPROBACIÓN.**

Trátase dun documento contable que permite facerse unha idea sobre a situación do Organismo, e as operacións realizadas no período. Denomínaselle tamén Balance de Sumas e Saldos.

O obxectivo final deste balance, é comprobar que non existen asentos descuadrados na contabilidade.

A diferenza do Balance final, o balance de comprobación de sumas e saldos non require de periodificación contable, do cálculo do resultado do período, nin do peche da contabilidade para a súa elaboración.

## **23. ACONTECIMENTOS POSTERIORES AO PECHE**

Non existen feitos relevantes con posterioridade ao peche que alteren os estados e contas anuais que se presentan, salvo os que se derivan da propia materialización de cobros e pagamentos pendentes o peche de exercicio.

### **Conclusión**

A memoria que se presenta da Conta Xeral correspondente ao ano 2013, considérase o suficientemente explicativa dos estados e contas anuais, permitindo a comprensión dos movementos máis significativos dos distintos saldos que conforman os estados que se relacionaron na mesma, así como a explicación e xustificación daquela información que se considera máis relevante.

O Xefe de Contabilidade

Javier Pinal Falque

O Presidente

Jose Manuel Fernández Pérez

**CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES**

**CONCELLO  
DE VIGO**

